

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

6307 *Orde DEF/1044/2016, do 22 de xuño, pola que se establecen os requisitos e as condicións do cambio de especialidade fundamental dos militares profesionais.*

O artigo 42.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece que a capacidade profesional específica dos membros das Forzas Armadas para exercer as competencias correspondentes en cada posto orgánico se determina polos labores do seu corpo, polas facultades da súa escala e especialidades e polo seu emprego. Así mesmo, o artigo 41.1 desta lei reserva ao desenvolvemento regulamentario a determinación das especialidades fundamentais que existirán en cada escala, cando os campos de actividade en que se desempeñan os labores do corpo o requiran.

Mediante a aprobación do Regulamento de especialidades fundamentais das Forzas Armadas, a través do Real decreto 711/2010, do 28 de maio, determínanse as especialidades fundamentais para cada unha das escalas e dos corpos militares, así como os campos de actividade de cada unha delas. Por outro lado, o artigo 3.3 do devandito regulamento establece que os militares profesionais terán unha única especialidade fundamental, que se adquire ao acceder á escala correspondente, aínda que tamén recolle no seu artigo 4 a posibilidade do cambio de especialidade.

O artigo 41.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, atribúelle ao ministro de Defensa a competencia para establecer os requisitos e as condicións do cambio de especialidade, ben que aínda non se desenvolveu para as categorías de oficiais e suboficiais. Non obstante, para a categoría de tropa e mariñeiría, e en cumprimento do establecido no artigo 14 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, para o cambio de especialidade, aprobouse a Orde DEF/3316/2006, do 20 de outubro, pola que se regulan determinados aspectos dos compromisos, o cambio de relación de servizos e o cambio de especialidade do militar profesional de tropa e mariñeiría, e nela establecéronse as condicións e o procedemento para poder levar a cabo este cambio de especialidade.

Conforme o establecido no artigo 48 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, os cambios de especialidade fundamental que permitan ao militar profesional adaptar ou reorientar a súa carreira, unha vez obtido o primeiro emprego do seu corpo, escala e especialidade fundamental, enmárcanse no ensino de perfeccionamento. No caso dos militares de tropa e mariñeiría, cando os cambios de especialidade fundamental teñan causa no artigo 14.c) da Lei de tropa e mariñeiría, por non superar a formación específica correspondente á especialidade asignada inicialmente, enmarcaranse no ensino de formación.

Consecuentemente, mediante esta orde ministerial establécense os requisitos e as condicións do cambio de especialidade fundamental. Nelas fíxanse as causas que poden dar orixe ao dito cambio, establécese un marco xeral para o anuncio das correspondentes convocatorias, así como os requisitos xerais e específicos do persoal que pode optar a elas, o modo de acceso e os seus correspondentes efectos e servidumes. Por outro lado, asígnase ao subsecretario de Defensa e aos xefes do Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire a competencia para o anuncio das oportunas convocatorias de cambio de especialidade fundamental en función das necesidades e especificacións de cada exército.

Durante a súa tramitación, sobre esta orde ministerial emitiron informe as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento dela ás asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido

no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe sobre ela o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O obxecto desta orde ministerial é determinar os requisitos e as condicións para que os militares profesionais poidan realizar o cambio de especialidade fundamental, sempre que pertenczan ou estean adscritos ao corpo e á escala correspondente á especialidade fundamental pola cal se concorre.

2. Aqueles que superen o plan de estudos, adquirirán unha nova especialidade fundamental e conservarán o seu corpo, escala, emprego, antigüidade e orde de escalafón.

Artigo 2. *Causas que motivan o cambio de especialidade fundamental.*

1. Os militares profesionais poderán cambiar de especialidade fundamental, nas condicións e mediante o procedemento que se determina nesta orde ministerial, polas seguintes causas:

- a) Para alcanzaren os efectivos necesarios en cada especialidade, de acordo cos cadros de persoal.
- b) Por insuficiencia de condicións psicofísicas ou por causas sobrevidas que lles impidan ocupar destinos específicos da súa especialidade fundamental.
- c) Por pertenceren a unha especialidade fundamental declarada para extinguir ou non recollida no regulamento de especialidades fundamentais en vigor.
- d) Para adquiriren outras especialidades que faciliten a mobilidade territorial e as adaptacións orgánicas nos exércitos.
- e) Para adquiriren unha formación orientada á súa promoción profesional.

2. Así mesmo, os alumnos de tropa e mariñeiría que non superen a formación específica correspondente á especialidade asignada poderán optar a outra especialidade fundamental de acordo co que establezan as bases da convocatoria, ben que continuarán sendo alumnos do ensino de formación.

Artigo 3. *Sistema de selección.*

O sistema de selección que se vai empregar no cambio de especialidade será o de concurso ou concurso-oposición.

Nas convocatorias especificarase en que consiste o sistema de concurso ou concurso-oposición, conforme as bases xerais establecidas no anexo a esta orde ministerial.

Artigo 4. *Acceso ao cambio de especialidade fundamental.*

1. O acceso ao cambio de especialidade fundamental realizarase mediante o anuncio de convocatorias de procesos de selección no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa». As convocatorias serán de tipo xeral ou específico, en función das causas que as orixinan, así como do persoal que pode optar a elas.

2. O subsecretario de Defensa e os xefes do Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire anunciarán as correspondentes convocatorias coas prazas necesarias para realizar o cambio de especialidade fundamental, conforme esta orde ministerial e no ámbito das súas respectivas competencias.

3. O subsecretario de Defensa, no ámbito dos corpos comúns das Forzas Armadas, e os xefes do Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire determinarán o exercicio ou os exercicios que compoñen a proba de coñecementos e o temario para o cambio de especialidade no ámbito dos seus respectivos exércitos.

4. As prazas ofertadas para o cambio de especialidade estarán distribuídas segundo os corpos e as escalas establecidos no título III, capítulo III, corpos e escalas, da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e de acordo coas especialidades do Regulamento de especialidades fundamentais das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 711/2010, do 28 de maio.

5. O proceso de cambio de especialidade comezará coa publicación da convocatoria e concluirá na data da resolución pola cal se asigne a nova especialidade fundamental.

Artigo 5. *Requisitos xerais.*

Os militares profesionais, para accederen ao cambio de especialidade fundamental, deberán reunir os seguintes requisitos xerais:

- a) Estaren na situación administrativa de servizo activo ou excedencia por razón de violencia de xénero.
- b) Pertenceren ou estaren adscritos ao corpo e á escala correspondente da especialidade fundamental pola cal se concorre.
- c) Estaren en posesión da titulación do sistema educativo xeral ou da certificación académica requirida para o acceso a cada especialidade fundamental.
- d) Non teren previsto o pase á situación administrativa de reserva nun prazo inferior de polo menos cinco anos, que se determinará na convocatoria.
- e) Non teren prevista a finalización do compromiso de longa duración nun prazo inferior de polo menos tres anos, que se determinará na convocatoria.
- f) Non teren realizado o cambio de especialidade fundamental previamente, agás que por causas sobrevidas se determine a necesidade do cambio de especialidade fundamental.
- g) Seren declarados previamente idóneos para a renovación do compromiso, cando for necesario, en cumprimento do disposto nesta orde ministerial sobre servidumes.

Artigo 6. *Requisitos específicos e limitacións.*

1. Os militares profesionais, para accederen ao cambio de especialidade fundamental, deberán reunir os seguintes requisitos específicos, cando así se determine na convocatoria, para cada especialidade fundamental convocada:

- a) Acreditaren as probas de aptitude psicofísica que se determinen (recoñecementos médicos, probas psicolóxicas e probas físicas).
- b) Estaren en posesión das aptitudes, títulos ou diplomas necesarios para o exercicio da nova especialidade.
- c) Non teren causado baixa noutra convocatoria do cambio de especialidade, independentemente da súa causa, por non teren superado os plans de estudos.
- d) Que o mando ou a xefatura de persoal determine a necesidade de cambio de especialidade fundamental do militar profesional por causas sobrevidas que lle impidan ao militar exercer a especialidade fundamental actual, independentemente do número de veces que participase nos procesos regulados nesta orde ministerial.

2. Ademais, poderanse establecer as seguintes limitacións, cando así se determine na convocatoria, con carácter total ou parcial en forma de cotas, para cada especialidade fundamental convocada:

- a) Zonas da escalafón.
- b) Especialidade fundamental de procedencia.
- c) Titulacións do ensino militar de perfeccionamento.

Artigo 7. *Convocatorias xerais.*

1. As convocatorias xerais estarán dirixidas a todo o persoal que cumpra cos requisitos xerais e específicos da convocatoria, e debido ás causas a) e e) do artigo 2, sobre necesidades de efectivos e promoción profesional, respectivamente.

2. As convocatorias xerais anunciaranse nos seguintes casos:

a) Para militares de carreira ou cun compromiso de longa duración co obxecto de alcanzar os efectivos necesarios en cada especialidade, de acordo cos cadros de persoal orgánicos.

No caso dos militares de carreira das categorías de oficiais e suboficiais, unicamente se poderá levar a cabo nos dous primeiros empregos de cada escala, cun tempo mínimo de servizos desde a adquisición da condición de militar de carreira de tres anos para os oficiais e de dous anos para os suboficiais.

b) Para militares profesionais de tropa e mariñeiría cun compromiso de longa duración coa finalidade de adquirir unha formación orientada á súa promoción profesional.

Artigo 8. *Convocatorias específicas.*

1. As convocatorias específicas estarán dirixidas exclusivamente ao persoal afectado polo resto de causas non incluídas dentro das convocatorias xerais e que cumpra cos requisitos xerais e específicos da convocatoria.

2. As convocatorias específicas anunciaranse nos seguintes casos:

a) Para militares profesionais con insuficiencia de condicións psicofísicas para ocuparen destinos específicos da súa especialidade fundamental e que cumpran cos requisitos xerais do artigo 5, coa excepción da alínea f). Ademais, esta limitación, para ocuparen destinos da súa especialidade fundamental, deberá estar especificada na resolución que pon fin ao expediente que se instrúa como consecuencia da avaliación extraordinaria para determinar a insuficiencia de condicións psicofísicas. O cambio de especialidade fundamental por esta causa estará limitado a unha soa vez.

b) Para militares profesionais que pertencen a unha especialidade fundamental declarada para extinguir ou non recollida no Regulamento de especialidades fundamentais das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 711/2010, do 28 de maio, e que cumpran cos requisitos xerais do artigo 5, coa excepción da alínea f).

c) Para facilitarlles a mobilidade territorial aos militares de tropa e mariñeiría, durante o seu compromiso inicial e as súas renovacións, afectados por adaptacións orgánicas, sempre e cando fosen destinados con anterioridade á aprobación da adaptación orgánica, non existise posto vacante que puidesen ocupar na praza do destino e que cumpran cos requisitos xerais do artigo 5, coa excepción da alínea f).

d) Para militares profesionais que, por causas sobrevidas, non estean capacitados para desempeñar a súa especialidade fundamental, independentemente do número de veces que participasen nos procesos regulados nesta orde ministerial.

Artigo 9. *Formación específica.*

1. Os seleccionados nas correspondentes convocatorias cursarán unha fase de formación específica para a obtención da nova especialidade fundamental. Esta fase desenvolverase nos centros docentes militares de formación establecidos no Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, así como naqueles que en aplicación do artigo 50.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, determine o ministro de Defensa.

O persoal seleccionado para esa fase causará baixa nos seus destinos durante as fases presenciais e estará destinado nun posto de traballo destes centros.

2. Os plans de estudos serán unha adaptación dos aprobados para cada especialidade fundamental, conforme as directrices xerais dos plans de estudos do ensino militar de formación, e terán unha duración máxima presencial de nove meses ou un curso académico, agás cando sexa preciso impartir formación de voo, caso en que se poderá

superar esa duración no estritamente necesario. Incluirán exclusivamente contidos específicos da especialidade fundamental, formación física e idiomas. Parte dos contidos teóricos poderán ser cursados nunha fase non presencial, que terá como duración máxima a que determine a normativa de ensino militar e onde se incluíra unha proba de aptitude sobre os coñecementos adquiridos, previa ao inicio da fase presencial.

O subsecretario de Defensa, no caso dos corpos comúns das Forzas Armadas, e os xefes do Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire elaborarán os plans de estudos para o cambio de especialidade fundamental. O ministro de Defensa aprobará estes plans de estudos, que se publicarán no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

Artigo 10. *Obtención da nova especialidade fundamental.*

1. Será requisito necesario para a obtención da nova especialidade fundamental superar o plan de estudos da fase de formación específica da especialidade correspondente, desenvolvido nos correspondentes centros docentes militares de formación.

2. Aqueles que superen o plan de estudos adquirirán unha nova especialidade fundamental e manterán dentro do seu corpo e escala o emprego, a antigüidade e a orde no escalafón. Desde o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», e para todos os efectos administrativos, este persoal pertencerá unicamente á nova especialidade fundamental adquirida.

3. O persoal que non supere os plans de estudo continuará na súa especialidade de orixe, agás aquel que solicítase o cambio de especialidade por non superar a formación específica correspondente á especialidade asignada, que causará baixa definitiva nas Forzas Armadas. Ademais, o militar de tropa e mariñeira que non superase a formación específica e optase ao cambio de especialidade por insuficiencia de condicións psicofísicas para ocupar destinos específicos da súa especialidade fundamental resolverá o compromiso de acordo co disposto na normativa sobre a finalización e resolución do compromiso por insuficiencia de condicións psicofísicas.

4. Os cursos realizados para a obtención da nova especialidade fundamental non serán obxecto de valoración para os efectos de avaliación.

Artigo 11. *Servidumes.*

1. Ao finalizaren a fase de formación específica asignarase un destino da especialidade fundamental adquirida e deberán ocupar polo menos os dous primeiros anos vacantes da nova especialidade fundamental, aínda que se asigne con carácter forzoso. Na convocatoria especificarase a posibilidade de cambio de destino e manterase a necesidade de ocupar outro posto da especialidade fundamental adquirida.

2. O persoal de tropa e mariñeira temporal, durante o seu compromiso inicial e as súas renovacións, contraerá a obriga de subscribir un novo compromiso, dunha duración de dous ou tres anos, segundo se especifique na convocatoria, ou, no seu defecto, axustado ata completar o máximo de 6 anos de servizos. Este compromiso comezará a computar no momento de inicio da fase de formación específica.

Artigo 12. *Medidas de protección á maternidade.*

En relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes, desenvólvese, no que ao acceso se refire, o artigo 6.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e complétase o disposto no Real decreto 293/2009, do 6 de marzo, polo que se aproban as medidas de protección da maternidade no ámbito do ensino nas Forzas Armadas. As convocatorias incorporarán todas as accións encamiñadas a impedir que a aspirante experimente calquera desvantaxe orixinada por efectos derivados da súa situación de embarazo, parto ou posparto, e será de aplicación o establecido no artigo 18 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro.

Artigo 13. Órganos de selección.

Os órganos de selección serán designados e actuarán de acordo cos criterios xerais establecidos no artigo 13 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, e co establecido na Instrución 7/2011, do 2 de marzo, do subsecretario de Defensa, pola que se aproban as normas polas cales se rexerán os órganos de selección, comisións permanentes de selección, tribunais médicos militares de apelación e os seus órganos asesores e de apoio.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

1. Queda derogado o punto cuarto, cambio de especialidade, da Orde DEF/3316/2006, do 20 de outubro, pola que se regulan determinados aspectos dos compromisos, o cambio de relación de servizos e o cambio de especialidade do militar profesional de tropa e mariñeiría.

2. Queda derogado o artigo 7.4 do Regulamento de corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 207/2003, do 21 de febreiro, vixente con rango de orde ministerial en virtude da disposición transitoria primeira do Regulamento de especialidades fundamentais das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 711/2010, do 28 de maio.

3. Así mesmo, quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ao disposto nesta orde ministerial.

Disposición transitoria única. Convocatorias e procesos xa iniciados.

As convocatorias e procesos de cambios de especialidade xa iniciados no momento da entrada en vigor desta orde ministerial rexeranse pola normativa vixente no momento da súa publicación, ata a súa resolución final.

Disposición derradeira primeira. Facultades de aplicación.

Facúltanse o subsecretario de Defensa, no que afecte o persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas, e os xefes do Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, en relación co persoal do seu respectivo exército, para adoptar as medidas necesarias para aplicar esta orde ministerial.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de xuño de 2016.–O ministro de Defensa, Pedro Morenés Eulate.

ANEXO**Bases xerais do concurso-oposición****Primeira. Fases do sistema de selección.**

1. O sistema de selección que se empregará no cambio de especialidade conterá as seguintes fases:

a) Fase de concurso. Esta fase consiste na valoración dos méritos profesionais e académicos, dos informes persoais, das sancións e das aptitudes psicofísicas dos aspirantes.

b) Fase de oposición. Esta fase consiste na superación e valoración dunha proba de coñecementos, que poderá ser unha proba específica ou unha proba e un curso, cando así se determine.

2. Cada unha destas fases do concurso-oposición terá unha valoración entre o 40 e o 60 por cento do proceso selectivo global, que se determinará na correspondente convocatoria.

Segunda. *Fase de concurso.*

1. No concurso, os elementos de valoración serán os que figuran no punto terceiro da Orde ministerial 17/2009, do 24 de abril, pola que se establecen o procedemento e as normas obxectivas de valoración de aplicación nos procesos de avaliación do persoal militar profesional.

A puntuación e normalización de cada elemento, como paso previo á ponderación, realizaranse segundo o establecido no anexo da mesma orde ministerial e conforme as facultades de desenvolvemento establecidas na súa disposición derradeira primeira.

2. A valoración dos grupos 1, 2 e 3 poderá oscilar nos intervalos que se indican a seguir, de forma que a suma da súa valoración corresponda ao cen por cento da puntuación:

	Peso grupo	Elementos de valoración
Grupo 1.	20-40	a) Calidades de carácter profesional.
		b) Calidades persoais.
		c) Prestixio profesional e capacidade de liderado.
Grupo 2.	30-40	d) Traxectoria profesional.
		e) Destinos e situacións administrativas nas cales o interesado non teña a súa condición de militar en suspenso.
		f) Recompensas e felicitacións.
Grupo 3.	30-40	g) Ensino de formación, cursos de actualización e, de ser o caso, titulacións necesarias para o ascenso.
		h) Cursos do ensino de perfeccionamento, de altos estudos da defensa nacional, idiomas e titulacións do sistema educativo xeral.
Grupo 4.	-	i) Probas físicas, resultados de recoñecementos psicofísicos e baixas laborais.
		j) Sancións.

O grupo 1 terá unha valoración entre o 20 % e o 40 % do total da puntuación, o grupo 2, entre o 30 % e o 40 %, e o grupo 3, entre 30 % e 40 %. O grupo 4 non será normalizado nin ponderado e os seus resultados descontaranse en valores absolutos da puntuación final da avaliación.

3. Os elementos de valoración que constitúen cada un dos grupos terán inicialmente igual ponderación dentro destes. Nas convocatorias anunciarase a valoración asignada a cada grupo, así como a ponderación de cada elemento de valoración que compón cada grupo nunha cantidade que non supere o 50 % do peso inicial dun dos seus elementos, de xeito que os grupos no seu conxunto non modifiquen a súa porcentaxe sobre a puntuación final.

4. Para a valoración do grupo 1 nas convocatorias determinarase a colección de informes persoais que se considerarán, que polo menos consistirá nos emitidos durante o emprego que se posúe e, en todo caso, nos cinco últimos informes dispoñibles. Ademais poderá suprimirse todo informe persoal de cualificación que conte coa desconformidade do superior xerárquico ou cuxa valoración global presente unha desviación, respecto á media dos informes persoais do avaliado, de, polo menos, o dobre da desviación típica en calquera dos sentidos.